

VI Serán por sempre túas, Chiño, as Pozas da Serpe, medio camiño de Acebedo, e as aguías dúas que no azul pairan en círculo, as gramíneas nas que apiona o pasallás dos veraos tórridos, os camiños tortos de Xacebás arredor do amo de cabeza orgullosa que é Penagache (humillome) e mailo arrebaño de cen vacas que se move a partir da Ameixoeira polo tellado do mundo teu que é a Mota Grande (1500 m. só) desde onde non se dexerga obra humana en volta de horizonte. Digo: nin chozo nin foxo nin marco nin muro e o corazón que se che encolle a ti, Chiño, ao estares naquel país ermo e sen xente nin máis compañía pre ti cá deo teu faco que agora incha a illarga e guicha as orellas porque percibira as eguas lonxe dos de San Xes. Eguas que van á procura das chans altas contra os marcos de Portugal, contra o 25 das citas do contrabandista do rendez-vous a vida ou morte do fuxido da Falange Orensana (léase Fernando Meleiro). Chiño, o mundo álzase daquela. Notas o alzamento, Chiño, tectónico; o se erguer orixinal da Terra, o pregamento con forcias de por tras que te ergue até os ceos, mais ca nada se é noite clara e sen Lúa. En Outeiro de Eguas insistes, insistes, e as estrelas despregan o espectáculo floreal de fragmentos de cousa que tenden á totalidade. Explosión silandeira ou música tu ben percebes, Chiño. Estronicio acordado sen tímpanos para o sentir, porque tu agora estás deitado pra recibir o firmamento nos panascos de Grama de Corno Dourado ou de Sesteiro dos Bañadoiros para te despedires do citado firmamento. El, despois de ti, continuará a ser sempre. En canto tu esteas, túa será con todo a aldea de Queguas e os seus Currais nos altores e o paño dos valpes bravos, a fraguesía escenográfica do Crasto Laborero e mailas súas fragas feras e rochedo arreitado entre o cal sobrancea a Perra de Anarache polo camiño do río. Soa a súa perra a Perra Anarache, as paellas e as mil corgas que engrosan a Limia pola marxe dereita. Todos teus os baldíos, as poules, os pelicanos, as vacas e as vacas, Chiño. O sexo túas as maneiras de estar e de estar, Chiño, que probe; colmo onte, hogano tella plana. Os fiadeiros nas cortes estradas de Xaca fina onde el tiña ao non a ti pola dos ferriños Chiño. Devra te o cato horizontal do que xa se dixera que crucifican o mundo. A hermanza desvela o seu rosto divino que mata ao seu viso. E tu, Chiño, escachas a rir porque aínda estás eiqüi. E os ollos conxelados de Marcela. O pelicanos grises. Toda a cidade cheta de bolígrafos. Non olles; non olles. A laca; as unllas de Marcela que che esgazan a fazula, Chiño. Un paso máis, e o pozo. Non olles. Alí a está, é Mumado a á epíteto Chiño, a fides dos non te sentindo aí do sistema do lonxos lobos, de Marcela. **VII** Destrozos, ósos que tamén serán os vosos. Primeiros pasos pola Rúa do Esquenzo. Ollos do lupo os de Mumado a está tella. Ollos de lupo os de Tes de Faustino Santalices o labio, o pouso do diandón. Non irás máis á casa do pelicano. Destrozos. Le paz que che dá Mumado do dereito e do riles Perle os dentes, Chiño. Perder os dentes. Ósos que renxen ao subir ao pescante. Mi báculo más corvo y menos fuerte. Terrible é, pois, teu poder, oh Morte. Co corpo domeado coma un signo de inescogación tipo Dámaso. Sen a motocicleta. Pola Rúa do Esquenzo. Amigos mortos, velos. O pai e a nai. Velos os pálidos sentados e a no escano, á lareira. Música que che ven de Jardín Park. Chiño non nota nada de Sudade. El nunca vira as vacas multipares. Os seus anóns cos dentes a rezo o mundo. Se os dentes Muro da nochozo. Os dentes venen en ringleira. Testa conversa á Terra, que abre as frutes. “Muro, habito os domos dos pelicanos” porate do epíteto. **Profecía de Taramundi** 1. In todo tempore, que dicía así o Señor Lombardía, os Afrikaces fixeron cifa de ósos e sacron os Sepulcros Ideais. 2. Sacron para fóra dos Sepulcros Ideais os ósos dos sapateiros, os ósos dos cordeiros, os ósos dos carabineiros republicanos e dos arrieiros de mercearía miúda ou quincalla, os ósos dos xitanos, os ósos das damas que traballaran na conserva e que foran tosquiadas previamente ao sacrificio, os ósos aliados ás sinagogas e ás loxias dos xentes e que locian ollos de mouro corvo xeralmente. 3. E os que fixeron tal cousas eran os Afrikaces (dicía así o Señor Lombardía dos Ferreiros de Taramundi. 4. E os Afrikaces sacron os ósos para os Sepulcros Ideais ficren cheos de vento, como cheo de vento está, e de barruzo, o honor dos Afrikaces. 5. O Señor Stamus Mealey puxo un gandra a pañar nos osos e osos foron espaxando de afeito, pro aquel home de Hibernia non diu reunido ósos nin para encher un terrazo de feita condes. 6. O Señor Conqueiro alandou unha muller para ver se daba cun óso fino de muller nova para facer unha frauta; pro nada. 8. Os Sepulcros Ideais ficaron baleiros e as xentes non fitaban para eles porque perderan os ollos dende o punto e hora en que os Sepulcros Ideais deixaron de estar acugulados de ósos –pro Señor Ferreiro de Taramundi. 9. E os osos os ósos diseminados polas gárdaras á calor do Sol e ao agarimo do sapo que pode exudar Lúa, e todo o exército disciplinado das estrelas de rubro e ca, non sobra queles ósos e foi o mundo do sapo. 10. Os osos dun que tiña sido Rei encadeado sen fortuna foron espaxados pola polda en fide e as pozas de vela e a laca e os osos e os osos que trouxera a Horda desde o Danubio a Braga. 11. Emilio Rodríguez Ariza a quen retraxera o lomo do 28 de agosto de 1936 despois de se morto polo Afrikaces de Sada, o camiño da Valiña, uniu o legado dos seus ósos aos ósos do Mariscal, todos revoltos, todos esmigallados. 12. Xa asobia o vento nos cómaros dos Sepulcros Ideais! 13. E mesmo os ósos das Señoritas dos lagos de rega que hai en Érmelo, que hai en Meiro, que hai en todo o Morrazo, foron axuntarse cos ósos que os Afrikaces profanaran, aínda propiamente as señoritas estando feitas de bris e de cantigas de cristal apenas. 14. Díxolle, entón, o Señor Lombardía aos que tivesen ouvidos para Ouvir a súa palabra: estou cheo de que os meus ollos sexan sempre fontes. Cómpre agora devolver os ósos aos Sepulcros Ideais, e ter así o noso pobo, como as linguas, as insuas e as nacións, almofada e tapiz. 15. A voz do Señor Lombardía o Ferreiro foi un trebón sobre os vales e valiñas da xente, encolleu o ánimo dos poldros, paralisou os homes de funda á saída da nave industrial e os sopretes da soldadura apagáronse coma se os ormantase o vento do principio das cousas. 16. Non podemos, Señor, non podemos. Sómoslle das comunidades deportivas e educamos para a Paz. Somos da ética e do riso necio. Carecemos de seguridade no emprego e alguén puxo no noso pescozo torques de ouro baixo ornados de talismáns e mais de emblemas. Sómoslle, descalciñas, as poucas e as pobres que van de Santiago a Padrón. 17. A voz daquel Ferreiro Lombardía converteuse en músicas de melra. Díxolle ao que tivese ouvidos: nin un nin un cento. Ten que ser Armada de Máximos e de Completos. Facei Nova Alianza. Facei Nova Alianza. 18. Señor Ferreiro, e il voltarán así os ósos ao seu sitio nos Sepulcros Ideais e serán para sempre almofada e tapiz? Se facemos como dis serán consumidos polo fogo os Afrikaces que espaxaran os ósos e extinguirase a raza deles para sempre? 19. Dixo Señor Lombardía: E logo por que me preguntades a min? Isto que eu proclamo é somentes a Profecía de Taramundi! Sentide o que Abril vos di cando pasa a man polo lombo das insuas xusto un intre antes de se facer un nobelo pra durmir nas criptas pavorosas. Contra Maquieiro Xosé Luís Méndez Ferrin.

ESCRITA(S)

circunvolucións

01.04.2011 / iago martínez /lois pereiro: amor e resistencia/ Modesta proposición para ler politicamente a Lois Pereiro. Porque a morte era o enésimo disfraz do poder. Porque escribir era un incendio. Porque as vítimas eran as vítimas de sempre. Porque había que loitar polo evidente. Porque vida e obra eran as armas para tomar as selvas lacandonas do que nos foi prohibido.

08.04.2011 / miguel prado /“silencio en branco; experimentación, ruido e correlaccionismo”/ (...)O silencio non ten nada que ver coa calma ou coa tranquilidade. Non se encontra na natureza, simplemente ocorre como un suceso, como unha ruptura na situación na que un se atopa. Non é necesariamente bonito ou agradábel, senón que mesmo pode ser horríbel. En calquera caso, evoca unha forte conciencia do que está ocorrendo en absoluto, un encontro directo (non simbólico ou imaxinativo) coa realidade, o que significa continxencia, a singularidade, o baleiro. (...)

15.04.2011 / fran cortegoso/ o lugar do corvo/ O corvo como símbolo da morte é aparición última da vida. Só lucubramos a morte a través da alteridade. É inexistencia do ser, e inexistencia mesma é. Así é o corvo síntese de vida, de proceso concluso, e por tanto de recordación, de percurso vital como histórico e relato. O corvo como símbolo dun proceso estético e ético.

27.04.2011 / tetra & freek / o ponk como elemento renovador da música contemporánea / Tetra & Freek son un grupo musical formado por tres rapaces afincados en Santiago de Compostela, que veñen de renovar completamente o panorama musical actual. Acoden á galería Sargadelos para revelar o segredo do seu éxito e as claves para comprender mellor este novo xénero musical revolucionario que xa está a conquistá-lo mundo.

06.05.2011 / edita rodríguez / “ferramentas artísticas como metodoloxía de intervención política. *formas culturais híbridas entre a arte, o activismo político e a organización comunitaria*”/ Propostas que problematizan non só co medio artístico máis institucional, senón que nun contexto de arte pública, aparecen directamente relacionadas con problemáticas sociais, enleadas na lóxica do statu quo. Non producen simplemente obxectos, imaxes e mensaxes, senón intervencións efectivas u obxectos do mundo social, tentando reinstaurar un determinado sentido da comunidade. Pretenden ser unha vocación da arte para encontrar unha resposta ás formas do poder económico, institucional e ideolóxico... producindo experiencia e coñecementos críticos.

ESCRITA(S)

circunvolucións

13.05.2011 / estevo creus / un lugar sen rastro ou de como a palabraimpide / Ao traveso de intervencións e accións poéticas abrírase unha reflexión sobre a desaparición do corpo ou a aparición do corpo como inimigo no eido teórico, político, social e científico. A necesidade da literatura e as artes como mecanismo de normalización da excepción. Unha teoría sobre o perigo das teorías ou de cómo a palabraimpide.

e se non me deteño e dou un salto e me deteño e salto?. e se me deteño e dou un salto e non me deteño e salto?. o precioso é unha condición do obxecto ou o precioso é maderable? e se todo é 1 é?.

20.05.2011 / aurelio castro / aparecendo fontainhas / Estarricado no cuarto de Vanda ou redivivo na carta de Ventura, o barrio das Fontainhas emprestoulle ao cinema de Pedro Costa, de 2000 a 2006, a resistencia do claroscuro; e canda ela, un retruécano: a visibilidade da política conleva unha política da visibilidade. Devalo lumínico, o da banlieue lisboeta, cuxa intelectualidade era á vez o desacordo de Jacques Rancière pola sustracción de Alain Badiou. Xustamente, non aparece quen quere, senón quen pode.

27.05.2011 / rebecca baceiredo / t(r)opos ou unknow pleasures / A linguaxe empápase dunha orde social e reproducíase. A linguaxe, logo, funciona con consignas. Que un texto dinamite a armazón pola que se liga ao statu quo é que as palabras dun texto deixen un espazo ao seu redor para poder latexar o seu ritmo, o seu tacto. Facer balbucir a lingua é do que se fala. Ir máis alá da linguaxe, e que isto signifique unha revolución. Das conciencias.

03.06.2011 / maría do cebreiro/ rosalia de castro entre a modernidade e a antimodernidade - elementos para unha nova política do tempo. *porque hoy, nuevos lázaros, hemos recogido estas migajas de libertad al pie de la mesa del rico, que se llama siglo xix . la hija del mar* Rosalía de Castro nace no mesmo ano no que Charles Darwin debuxa no seu caderno de apuntamentos unha árbore que torcerá o curso do pensamento humano sobre a natureza. Así como dende Darwin o patrón evolutivo se converteu nun dos fundamentos das ciencias da natureza, a modernidade filosófica tendeu a converter a idea ilustrada do progreso nunha das súas principais liñas de forza. Na obra de Rosalía de Castro o progreso desempeña unha función ambivalente. A democracia radical, a utopía socialista e o feminismo da igualdade conviven coa defensa da especificidade cultural de Galicia e a temporalidade progresiva das grandes revolucións coexiste coa apoloxía de certos costumes ameazados pola modernidade. O dobre compromiso descrito permite contribuír a explicar a riqueza sempre problemática da súa obra, capaz de abrir un interrogante que segue batendo no presente: Como conciliar os principios dun igualitarismo universal de carácter emancipador co recoñecemento de distintos tempos dentro deste tempo?

10.06.2011 / marcos pérez / a demolición é o ferro que nos (des)arma / A esquerda asómase a un tempo completamente novo, a unha caste de 'horizonte do infinito' -onde xa non hai máis terra- perdendo a loita pola hexemonía e obrigada a recomezar a Historia in medias res. A esquerda, ferida pola sociedade de consumo, a fe no progreso, o antihumanismo, o individualismo e os espazos privados, esqueceu o cerne do seu discurso: a comunidade, o colectivo, a democracia, a fraternidade republicana. Cómpre mirar aos ollos á derrota, fender osvalados, desfacer as barricadas e os dogmas e atoparse nun movemento ubicuo e multiforme. Aplicando o verso (remudado) de Lois Pereiro, máis que demoler, cómpre construír. Cómpre resocializar a política, recuperar a iniciativa, recuperar a indignación.